

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

DECRETO 179/2015, do 29 de outubro, polo que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Arte Dramática na Comunidade Autónoma de Galicia.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modificada pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, establece os principios xerais que deben rexer o sistema educativo e, no seu artigo 46, que a definición do contido das ensinanzas artísticas superiores, así como a súa avaliación, se fará no contexto da ordenación da educación superior española no marco europeo. Así mesmo, no seu artigo 58.1 establece que lle corresponde ao Goberno, logo da consulta ás comunidades autónomas e ao Consello Superior de Ensinanzas Artísticas, definir a estrutura e o contido básicos dos diferentes estudos de ensinanzas artísticas superiores regulados na lei.

En virtude da citada lei orgánica, publicouse o Real decreto 1614/2009, do 26 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas artísticas superiores reguladas na dita lei. Conforme o artigo 11 deste, o Goberno definirá, de acordo coas directrices establecidas no real decreto e logo de consulta ás comunidades autónomas e ao Consello Superior de Ensinanzas Artísticas, o contido ao que deberán adecuarse os plans de estudos conducentes á obtención dos títulos superiores de Ensinanzas Artísticas nas correspondentes especialidades, que se referirá ás competencias, materias e aos seus descritores, contidos e número de créditos correspondentes. Así mesmo, establece o dito artigo que as administracións educativas, no ámbito das súas competencias, aprobarán o plan de estudos correspondente a cada título, de acordo co establecido no real decreto, e deben publicar os ditos plans de estudos nos respectivos boletíns oficiais.

En desenvolvemento das previsións do Real decreto 1614/2009, do 26 de outubro, promulgouse o Real decreto 630/2010, do 14 de maio, polo que se regula o contido básico das ensinanzas artísticas superiores de Arte Dramática establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Por outra banda, o Real decreto 1027/2011, do 15 de xullo, establece o Marco español de cualificacións para a educación superior (MECES).



Finalmente, o Real decreto 1850/2009, do 4 de decembro, regula a expedición de títulos académicos e profesionais correspondentes ás ensinanzas establecidas pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e no cal se fixa o modelo do suplemento europeo ao título de ensinanzas artísticas superiores.

Xa que logo e co fin de dar cumprimento ao artigo 23 do Real decreto 806/2006, do 30 de xuño, polo que se establece o calendario de aplicación da nova ordenación do sistema educativo, establecida pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, no curso académico 2010/11 iniciouse a implantación das ensinanzas artísticas superiores de Arte Dramática coa publicación da Orde do 30 de setembro de 2010 pola que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de grao en Arte Dramática na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula o acceso ao dito grao.

En consecuencia, iniciada a implantación das ensinanzas artísticas superiores de Arte Dramática, cómpre agora desenvolver plenamente a normativa aplicable a través do presente decreto, que ten por obxecto establecer, vista a proposta dos centros, o plan de estudos e, entre as súas finalidades, a de deseñar estes con identidade propia e adaptados ás particularidades dos centros que os imparten, que aproveiten eficazmente os seus recursos humanos e materiais, en función da súa tradición pedagóxica e do seu contorno sociocultural, con criterios de rigor, calidade e excelencia.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no exercicio da facultade outorgada polo artigo 34.5 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, logo dos ditames do Consello Escolar de Galicia e do Consello Galego de Ensinanzas Artísticas Superiores, de acordo co Consello Consultivo, e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vinte e nove de outubro de dous mil quince,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación*

1. O presente decreto ten por obxecto establecer o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Arte Dramática, ao abeiro do disposto no Real decreto 630/2010, do 14 de maio, polo que se regula o contido básico das ensinanzas artísticas superiores de Arte Dramática establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.



2. O presente decreto será de aplicación no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 2. Centros de ensinanzas artísticas superiores de Arte Dramática

1. Os estudos superiores de Arte Dramática cursaranse nos centros superiores de ensinanzas artísticas de Arte Dramática.

2. Do mesmo xeito, as ensinanzas artísticas oficiais de máster reguladas no Real decreto 1614/2009, do 26 de outubro, impartiranse nos ditos centros. Os estudos de doutoramento regulados no Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, poderán impartirse nos centros superiores de ensinanzas artísticas de Arte Dramática mediante convenios coas universidades. A competencia para subscribir os ditos convenios corresponde á consellería competente en materia de educación.

3. A consellería competente en materia de educación establecerá medidas que favorezan a autonomía pedagóxica, de organización e de xestión da cal dispoñen estes centros para o exercicio das súas actividades docentes, interpretativas, investigadoras e de difusión do coñecemento, co fin de garantir o cumprimento das súas funcións como centros educativos superiores do Espazo Europeo de Educación Superior.

4. Os centros de ensinanzas artísticas superiores de Arte Dramática fomentarán programas de investigación científica e técnica propios desta disciplina, para contribuír á xeración e difusión do coñecemento e á innovación no dito ámbito. A consellería competente en materia de educación establecerá os mecanismos adecuados para que estes centros poidan realizar ou dar soporte á investigación científica e técnica que lles permita integrarse no Sistema Español de Ciencia e Tecnoloxía.

Artigo 3. Finalidade das ensinanzas artísticas superiores de Arte Dramática e perfil profesional

1. As ensinanzas artísticas superiores de Arte Dramática terán como obxectivo xeral a formación cualificada de profesionais nos ámbitos da interpretación, a dirección escénica, a dramaturxia, a escenografía e naquelas áreas de coñecemento e investigación vinculadas con elas.

2. O perfil do/da titulado/a superior en Arte Dramática corresponde ao/á dun/dunha profesional cualificado/a que acadou a madureza e a formación técnica e humanística nece-



sarias para realizar de maneira plena a opción profesional máis adecuada ás súas capacidades e intereses, mediante o desenvolvemento de competencias comúns aos estudos de Arte Dramática e na correspondente especialidade.

3. Os/as titulados/as superiores de Arte Dramática estarán capacitados/as para o exercicio da creación e da investigación.

Artigo 4. *Título superior de Arte Dramática e especialidades*

1. A superación das ensinanzas artísticas superiores de Arte Dramática dará lugar á obtención do título superior de Arte Dramática, seguido da especialidade correspondente, que queda incluído para todos os efectos no nivel 2 do Marco español de cualificacións para a educación superior e será equivalente ao título universitario de grao. Sempre que a normativa aplicable exixa estar en posesión do título universitario de grao, entenderase que cumpre este requisito quen estea en posesión do título superior de Arte Dramática.

2. As especialidades das ensinanzas artísticas superiores de Arte Dramática que se desenvolven no decreto son as seguintes: dirección escénica e dramaturxia, escenografía e interpretación.

Artigo 5. *Acceso e proba específica*

1. Para o acceso ás ensinanzas oficiais conducentes ao título superior de Arte Dramática, requirirase cumprir os requisitos establecidos no artigo 55.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

2. Para os/as maiores de dezoito anos de idade que non cumpran os requisitos establecidos no citado artigo 55.2.a), a consellería competente en materia de educación, a través da dirección xeral correspondente, regulará, convocará e organizará unha proba anual que acredite que o/a aspirante posúe os coñecementos, as habilidades e aptitudes necesarios para cursar con aproveitamento as correspondentes ensinanzas.

3. A proba específica de acceso a estes estudos levarase a cabo para cada especialidade e terá como finalidade valorar a madurez, os coñecementos e as aptitudes para cursar con aproveitamento estas ensinanzas.

4. A consellería competente en materia de educación, a través da dirección xeral correspondente, convocará, organizará, desenvolverá e avaliará, con carácter anual, unha proba específica de acceso a estes estudos.



5. A superación da proba a que fai referencia o punto anterior, faculta, unicamente, para matricularse no curso académico para o cal fora convocada.

Artigo 6. Contido do plan de estudos conducentes á obtención do título superior de Arte Dramática

1. As ensinanzas artísticas superiores de Arte Dramática abranguerán unha formación básica e unha formación específica orientada á preparación para o exercicio profesional. Para a consecución da dita finalidade, estes estudos desenvolverán de xeito integrador capacidades artísticas, científicas e tecnolóxicas.

2. As competencias transversais, xerais e específicas e os perfís profesionais definidos para cada unha das especialidades son os establecidos no anexo II do decreto.

3. O plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Arte Dramática abrangue, para cada unha das súas especialidades, 4 cursos académicos cun total de 240 créditos.

4. Cada un dos cursos das ensinanzas artísticas superiores de Arte Dramática terá 60 créditos ECTS, cunha equivalencia de 30 horas por crédito, e a súa duración será de 38 semanas, incluíndo os períodos lectivos e os dedicados a outras actividades presenciais.

5. O cuadrimestre e o curso serán as unidades temporais de organización académica e abranguerán os períodos de impartición de docencia presencial e os períodos dedicados á realización de probas de avaliación.

Artigo 7. Plan de estudos

1. O plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Arte Dramática establécese nos anexos.

2. Os centros educativos determinarán que disciplina ou disciplinas se impartirán nunha lingua estranxeira para garantir a adquisición da competencia transversal correspondente, seguindo as directrices que para tal fin establece a consellería competente en materia de educación.

3. O principio de igualdade entre mulleres e homes integrarase de xeito transversal no desenvolvemento e na aplicación por parte dos centros do plan de estudos establecido no decreto.



Artigo 8. *Creación de novas especialidades*

A consellería competente en materia de educación, unha vez vista a proposta dos centros, poderá propor a creación de novas especialidades, nos termos establecidos no artigo 8 do Real decreto 630/2010, do 14 de maio.

Artigo 9. *Avaliación*

1. De conformidade co artigo 9.1 do Real decreto 630/2010, do 14 de maio, a avaliación do proceso de aprendizaxe do/da estudante basearase no grao e nivel de adquisición e consolidación das competencias transversais, xerais e específicas definidas para estes estudos.

2. A avaliación será continuada, diferenciada por disciplinas e terá un carácter integrador en relación coas competencias definidas para cada unha delas no plan de estudos. A avaliación e a cualificación do traballo fin de estudos será única e requirirá ter aprobadas a totalidade das disciplinas que integran o plan de estudos.

3. Os criterios de avaliación establécense no anexo II e serán obxecto de concreción nas guías docentes. Deberán ser obxectivables e mensurables de acordo cos parámetros que os centros definan para tal efecto.

4. A obtención dos créditos correspondentes a unha disciplina requirirá superar as correspondentes probas de avaliación ou exames. No caso de disciplinas consideradas de contidos progresivos, o alumno ou alumna non poderá ser avaliado ou avaliada mentres non teña superada a disciplina do mesmo nome e descriptor de cuatrimestre ou cuatrimestres anteriores, na orde correspondente.

5. A obtención do título superior de Arte Dramática requirirá a superación da totalidade das disciplinas, as prácticas e o traballo de fin de estudos que constitúen o plan de estudos.

6. Correspóndelle á consellería competente en materia de educación a regulación do proceso de avaliación e dos sistemas de cualificación, así como o establecemento dos documentos oficiais correspondentes de avaliación, respectando, na regulación que poida efectuarse dos sistemas de cualificación, o disposto no artigo 5 do Real decreto 1614/2009, do 26 de outubro.



Artigo 10. *Recoñecemento e transferencia de créditos*

Para a transferencia e recoñecemento de créditos nas ensinanzas artísticas superiores de Arte Dramática observárase o disposto no artigo 10 do Real decreto 630/2010, do 14 de maio, e no artigo 6 do Real decreto 1614/2009, do 26 de outubro, así como nas normas que, en desenvolvemento destas previsións, dite a consellería competente en materia de educación.

Artigo 11. *Participación en programas de mobilidade de estudantes e profesores/as e prácticas dos/das estudantes*

1. A consellería competente en materia de educación establecerá medidas que faciliten o intercambio e a mobilidade dos/das estudantes, titulados/as e do profesorado das ensinanzas artísticas superiores de Arte Dramática no Espazo Europeo de Educación Superior, dentro dos programas europeos existentes conforme a súa propia normativa. A consellería competente en materia de educación tamén poderá crear outros programas de carácter específico para estas ensinanzas.

2. A consellería competente en materia de educación, ou os centros de ensinanzas artísticas superiores de Arte Dramática, fomentarán a sinatura de convenios de cooperación con institucións e empresas co fin de impulsar a mobilidade e o intercambio de profesores/as, investigadores/as e estudantes destas ensinanzas e para a realización de prácticas externas por parte do alumnado que cursa estas ensinanzas.

Disposición adicional primeira. *Alumnado con discapacidade*

1. No marco do establecido no Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, deberanse cumprir as disposicións vixentes en materia de promoción da accesibilidade.

2. A consellería competente en materia de educación adoptará as medidas oportunas para a adaptación do presente plan de estudos ás necesidades do alumnado con discapacidade.

Disposición adicional segunda. *Formación do profesorado*

1. A consellería competente en materia de educación propiciará plans de formación do profesorado, relativos ao coñecemento dos principios básicos, da estrutura, da organiza-



ción, das novas metodoloxías e dos sistemas de avaliación e investigación correspondentes ao Espazo Europeo de Educación Superior.

2. Así mesmo, a consellería competente en materia de educación, por proposta dos centros, desenvolverá plans de formación do profesorado para a actualización e o afondamento das disciplinas propias da arte dramática nos seus diferentes ámbitos, así como formación concreta en galego, con coñecemento do vocabulario específico.

Disposición adicional terceira. *Incorporación de alumnado procedente de plans anteriores*

De acordo co previsto na disposición adicional cuarta do Real decreto 630/2010, do 14 de maio, polo que se regula o contido básico das ensinanzas artísticas superiores de Arte Dramática, establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, a consellería competente en materia de educación, a través da dirección xeral correspondente, establecerá o sistema de recoñecemento de créditos ao alumnado procedente de plans de estudos anteriores.

Disposición adicional cuarta. *Organización de ensinanzas conxuntas con outras institucións de educación superior*

A consellería competente en materia de educación poderá, mediante convenio con outras institucións de educación superiores nacionais ou estranxeiras, organizar ensinanzas conxuntas conducentes á obtención dun único título superior oficial e de máster.

Disposición adicional quinta. *Recursos humanos e materiais*

Atendendo ás directrices do proceso da converxencia das ensinanzas artísticas superiores no Espazo Europeo da Educación Superior, a consellería competente en materia de educación procederá á ordenación dos recursos humanos e materiais, de xeito que se garanta o mellor uso destes recursos, con criterios de racionalidade e eficiencia.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa*

1. Queda derogado o Decreto 220/2005, do 7 de xullo, polo que se establece o currículo do grao superior das ensinanzas de Arte Dramática e o acceso ao dito grao.

2. Igualmente, quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste decreto. En concreto, queda derogada a Orde do 30 de setem-



bro de 2010 pola que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de grao en Arte Dramática na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula o acceso ao dito grao, agás o establecido nos seus artigos 7, 8, 9, 10, 11, 12, 13, 14, 15, 16, 18, 19, 21, 23 e 24, así como a disposición adicional segunda, que manterán a súa vixencia en todo o que non se opoña ao disposto neste decreto, en tanto non se diten as normas para o seu desenvolvemento.

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento normativo*

Facultase a persoa titular da consellería competente en materia de educación para ditar cantas disposicións sexan precisas para o desenvolvemento do que se establece no presente decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

O presente decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, vinte e nove de outubro de dous mil quince

Alberto Núñez Feijóo
Presidente

Román Rodríguez González
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

ANEXO I

Cadros do plan de estudos: especialidades, itinerarios e disciplinas

Estudos superiores de Arte Dramática						
Especialidade en dirección escénica e dramaturxia						
Curso primeiro						
Disciplina	Materia	Tipo	ECTS	Cuadrimestre	Horas	
Escenificación I	Escenificación	Obrigatoria	6	1º	6	
Teoría e análise dramática	Historia e teoría da literatura dramática	Obrigatoria	5	1º	4	
Dramaturxia I	Dramaturxia	Obrigatoria	5	1º	4	
Teorías do espectáculo I	Teorías do espectáculo e da comunicación	Formación básica	3	1º	4	



Disciplina	Materia	Tipo	ECTS	Cuadrimestre		Horas	
Teorías do espectáculo II	Teorías do espectáculo e da comunicación	Formación básica	3		2º		4
Música e canto I	Música e canto	Obrigatoria	2.5	1º		3	
Música e canto II	Música e canto	Obrigatoria	2.5		2º		3
Composición escénica I	Prácticas de escenificación	Obrigatoria	3	1º		3	
Composición escénica II	Prácticas de escenificación	Obrigatoria	3		2º		3
Escrita dramática I	Prácticas de escrita dramática	Obrigatoria	3	1º		3	
Escrita dramática II	Prácticas de escrita dramática	Obrigatoria	3		2º		3
Movemento expresivo I	Movemento	Obrigatoria	2.5	1º		3	
Movemento expresivo II	Movemento	Obrigatoria	2.5		2º		3
Técnica vocal e dicción	Voz	Obrigatoria	5		2º		6
Interpretación I	Sistemas de interpretación	Obrigatoria	5		2º		4
Literatura dramática I	Historia e teoría da literatura dramática	Obrigatoria	6		2º		4
Totais			60			30	30

Estudios superiores de Arte Dramática							
Especialidade en dirección escénica e dramaturxia							
Curso segundo							
Disciplina	Materia	Tipo	ECTS	Cuadrimestre		Horas	
Escenificación II	Escenificación	Obrigatoria	8	1º		6	
Escrita dramática III	Prácticas de escrita dramática	Obrigatoria	3	1º		3	
Escrita dramática IV	Prácticas de escrita dramática	Obrigatoria	3		2º		3
Interpretación II	Sistemas de interpretación	Obrigatoria	2.5	1º		3	
Interpretación III	Sistemas de interpretación	Obrigatoria	2.5		2º		3
Literatura dramática II	Historia e teoría da literatura dramática	Obrigatoria	3	1º		4	
Literatura dramática III	Historia e teoría da literatura dramática	Obrigatoria	3		2º		4
Teoría e historia da arte I	Estética	Obrigatoria	3	1º		4	
Teoría e historia da arte II	Estética	Obrigatoria	3		2º		4
Dirección de actores/ actrices I	Dirección de actores/actrices	Obrigatoria	9	1º		10	
Dirección de actores/ actrices II	Dirección de actores/actrices	Obrigatoria	3		2º		4
Dramaturxia II	Dramaturxia	Obrigatoria	6		2º		4
Historia da posta en escena	Historia das artes do espectáculo	Obrigatoria	5		2º		4
Prácticas de escenificación	Prácticas de escenificación	Obrigatoria	6		2º		4
Totais			60			30	30



Estudios superiores de Arte Dramática							
Especialidade en dirección escénica e dramaturxia							
Curso terceiro							
Disciplina	Materia	Tipo	ECTS	Cuadrimestre		Horas	
Espazo escénico I	Escenografía	Obrigatoria	3	1º		3	
Espazo escénico II	Escenografía	Obrigatoria	3		2º		3
Espazo sonoro	Música e espazo sonoro	Obrigatoria	6		2º		4
Tecnoloxía escénica	Tecnoloxía aplicada ás artes do espectáculo	Obrigatoria	6	1º		4	
Historia das artes do espectáculo I	Historia das artes do espectáculo	Formación básica	4	1º		4	
Historia das artes do espectáculo II	Historia das artes do espectáculo	Formación básica	4		2º		4
Iluminación I	Escenografía	Obrigatoria	3	1º		4	
Iluminación II	Escenografía	Obrigatoria	3		2º		4
Produción e xestión I	Produción e xestión	Formación básica	3	1º		4	
Produción e xestión II	Produción e xestión	Formación básica	3		2º		4
Coreografía e danza I	Movemento	Obrigatoria	3	1º		3	
Coreografía e danza II	Movemento	Obrigatoria	3		2º		3
Itinerario en dirección escénica							
Escenificación III	Escenificación	Obrigatoria	6	1º		4	
Prácticas de dirección de escena I	Prácticas de escenificación Dramaturxia	Obrigatoria	1 2	1º		4	
Prácticas de dirección de escena II	Prácticas de escenificación	Obrigatoria	7		2º		8
Itinerario en dramaturxia							
Escrita dramática V	Prácticas de escrita dramática	Obrigatoria	3	1º		4	
Escrita dramática VI	Prácticas de escrita dramática	Obrigatoria	3		2º		5
Dramaturxia III	Dramaturxia	Obrigatoria	5	1º		4	
Dramaturxia IV	Dramaturxia	Obrigatoria	5		2º		3
Totais			60			30	30

Estudios superiores de Arte Dramática							
Especialidade en dirección escénica e dramaturxia							
Curso cuarto							
Disciplina	Materia	Tipo	ECTS	Cuadrimestre		Horas	
Deseño do personaxe I	Deseño do personaxe	Obrigatoria	4	1º		4	



Disciplina	Materia	Tipo	ECTS	Cuadrimestre		Horas	
Deseño do personaxe II	Deseño do personaxe	Obrigatoria	2		2º		2
Pedagogía teatral I	Pedagogía	Formación básica	3	1º		4	
Pedagogía teatral II	Pedagogía	Formación básica	3		2º		4
Introdución á investigación escénica I	Pedagogía	Formación básica	2	1º		2	
Introdución á investigación escénica II	Pedagogía	Formación básica	2		2º		2
Análise de espectáculos	Historia das artes do espectáculo	Obrigatoria	4	1º		4	
Optativas I e II		Obrigatoria	6	1º		6	
Traballo fin de estudos		Obrigatoria	12		2º		12
Itinerario en dirección escénica							
Obradoiro de escenificación I	Prácticas de escenificación Prácticas de escrita dramática	Obrigatoria	5 5	1º		10	
Obradoiro de escenificación II	Prácticas de escenificación	Obrigatoria	12		2º		10
Itinerario en dramaturxia							
Obradoiro de dramaturxia I	Prácticas de escrita dramática Prácticas de escenificación	Obrigatoria	5 5	1º		10	
Obradoiro de dramaturxia II	Prácticas de escrita dramática	Obrigatoria	12		2º		10
Totais			60			30	30

Estudios superiores de Arte Dramática							
Especialidade en escenografía							
Curso primeiro							
Disciplina	Materia	Tipo	ECTS	Cuadrimestre		Horas	
Espazo escénico I	Deseño de escenografía	Obrigatoria	5	1º		6	
Espazo escénico II	Deseño de escenografía	Obrigatoria	5		2º		6
Técnicas escénicas I	Técnicas de realización de materiais	Obrigatoria	5	1º		6	
Debuxo artístico I	Técnicas de representación	Obrigatoria	5		2º		6
Debuxo técnico I	Técnicas de representación	Obrigatoria	4	1º		3	
Debuxo técnico II	Técnicas de representación	Obrigatoria	4		2º		3
Historia da arte I	Historia da arte	Obrigatoria	4	1º		4	
Historia da arte II	Historia da arte	Obrigatoria	4		2º		4
Percepción visual e perspectiva I	Técnicas de representación	Obrigatoria	5	1º		3	



Disciplina	Materia	Tipo	ECTS	Cuadrimestre		Horas	
Percepción visual e perspectiva II	Técnicas de representación	Obrigatoria	5		2º		7
Teorías do espectáculo I	Teorías do espectáculo e da comunicación	Formación básica	4	1º		4	
Teorías do espectáculo II	Teorías do espectáculo e da comunicación	Formación básica	4		2º		4
Teoría e análise dramática	Historia e teoría da literatura dramática	Obrigatoria	6	1º		4	
Totais			60			30	30

Estudios superiores de Arte Dramática							
Especialidade en escenografía							
Curso segundo							
Disciplina	Materia	Tipo	ECTS	Cuadrimestre		Horas	
Espazo escénico III	Deseño de escenografía	Obrigatoria	5	1º		6	
Espazo escénico IV	Deseño de escenografía	Obrigatoria	5		2º		6
Literatura dramática I	Historia e teoría da literatura dramática	Obrigatoria	3	1º		3	
Literatura dramática II	Historia e teoría da literatura dramática	Obrigatoria	3		2º		3
Tecnoloxía escénica I	Tecnoloxía aplicada ás artes do espectáculo	Obrigatoria	5	1º		5	
Tecnoloxía escénica II	Tecnoloxía aplicada ás artes do espectáculo	Obrigatoria	5		2º		5
Deseño asistido por ordenador I	Técnicas de representación	Obrigatoria	5	1º		4	
Deseño asistido por ordenador II	Técnicas de representación	Obrigatoria	5		2º		4
Iluminación I	Deseño de escenografía	Obrigatoria	2	1º		2	
Iluminación II	Deseño de escenografía	Obrigatoria	2		2º		2
Debuxo artístico II	Técnicas de representación	Obrigatoria	5	1º		6	
Historia da arte III	Historia da arte	Obrigatoria	5	1º		4	
Historia da escenografía	Historia das artes do espectáculo	Obrigatoria	5		2º		4
Estética teatral	Estética	Obrigatoria	5		2º		6
Totais			60			30	30

Estudios superiores de Arte Dramática							
Especialidade en escenografía							
Curso terceiro							
Disciplina	Materia	Tipo	ECTS	Cuadrimestre		Horas	
Iluminación III	Deseño de escenografía Prácticas de escenografía	Obrigatoria	2 3	1º		6	



Disciplina	Materia	Tipo	ECTS	Cuadrimestre		Horas	
Iluminación IV	Deseño de escenografía Prácticas de escenografía	Obrigatoria	2 3		2º		6
Dramaturxia I	Dramaturxia	Obrigatoria	3	1º		3	
Dramaturxia II	Dramaturxia	Obrigatoria	3		2º		3
Historia das artes do espectáculo I	Historia das artes do espectáculo	Formación básica	3	1º		3	
Historia das artes do espectáculo II	Historia das artes do espectáculo	Formación básica	3		2º		3
Técnicas escénicas II	Técnicas de realización de materiais	Obrigatoria	5	1º		6	
Técnicas escénicas III	Técnicas de realización de materiais	Obrigatoria	5		2º		6
Caracterización I	Deseño do personaxe	Obrigatoria	3	1º		4	
Caracterización II	Deseño do personaxe		3		2º		3
Indumentaria	Deseño do personaxe	Obrigatoria	6	1º		4	
Produción e xestión	Produción e xestión	Formación básica	6	1º		4	
Obradoiro de escenografía I	Prácticas de escenografía	Obrigatoria	10		2º		9
Totais			60			30	30

Estudios superiores de Arte Dramática							
Especialidade en escenografía							
Curso cuarto							
Disciplina	Materia	Tipo	ECTS	Cuadrimestre		Horas	
Pedagogía teatral I	Pedagogía	Formación básica	2.5	1º		4	
Pedagogía teatral II	Pedagogía	Formación básica	2.5		2º		4
Introdución á investigación escénica I	Pedagogía	Formación básica	2	1º		2	
Introdución á investigación escénica II	Pedagogía	Formación básica	2		2º		2
Obradoiro de escenografía II	Prácticas de escenografía	Obrigatoria	5	1º		6	
Escenificación	Escenificación	Obrigatoria	6	1º		4	
Análise de espectáculos	Historia das artes do espectáculo	Obrigatoria	4	1º		3	
Deseño do personaxe I	Deseño do personaxe	Obrigatoria	2.5	1º		2	
Deseño do personaxe II	Deseño do personaxe	Obrigatoria	2.5		2º		2
Obradoiro de escenografía III	Prácticas de escenografía Deseño de escenografía	Obrigatoria	2 8		2º		10



Disciplina	Materia	Tipo	ECTS	Cuadrimestre		Horas	
Traballo fin de estudos		Obrigatoria	12		2º		12
Optativas I, II e III		Obrigatorias	9	1º		9	
Totais			60			30	30

Estudios superiores de Arte Dramática							
Especialidade en interpretación							
Primeiro curso							
Disciplina	Materia	Tipo	ECTS	Cuadrimestre		Horas	
Interpretación I	Prácticas de interpretación Sistemas de interpretación	Obrigatoria	3 3	1º		6	
Interpretación II	Prácticas de interpretación Sistemas de interpretación	Obrigatoria	3 3		2º		6
Dicción e expresión oral I	Voz	Obrigatoria	6	1º		6	
Dicción e expresión oral II	Voz	Obrigatoria	6		2º		6
Movemento expresivo I	Movemento	Obrigatoria	6	1º		6	
Movemento expresivo II	Movemento	Obrigatoria	6		2º		6
Danza I	Movemento	Obrigatoria	3	1º		4	
Danza II	Movemento	Obrigatoria	3		2º		4
Teoría e análise dramática	Historia e teoría da literatura dramática	Obrigatoria	6	1º		4	
Linguaxe musical I	Música e canto	Obrigatoria	3	1º		4	
Linguaxe musical II	Música e canto	Obrigatoria	3		2º		4
Literatura dramática I	Historia e teoría da literatura dramática	Obrigatoria	6		2º		4
Totais			60			30	30

Estudios superiores de Arte Dramática							
Especialidade en interpretación							
Curso segundo							
Disciplina	Materia	Tipo	ECTS	Cuadrimestre		Horas	
Interpretación III	Prácticas de interpretación Sistemas de interpretación	Obrigatoria	3 3	1º		6	
Interpretación IV	Prácticas de interpretación Sistemas de interpretación	Obrigatoria	3 3		2º		6
Teorías do espectáculo I	Teorías do espectáculo e da comunicación	Formación básica	4	1º		3	
Teorías do espectáculo II	Teorías do espectáculo e da comunicación	Formación básica	4		2º		3



Disciplina	Materia	Tipo	ECTS	Cuadrimestre		Horas	
Técnica vocal I	Voz	Obrigatoria	5	1º		6	
Técnica vocal II	Voz	Obrigatoria	5		2º		6
Expresión corporal I	Movemento	Obrigatoria	5	1º		6	
Expresión corporal II	Movemento	Obrigatoria	5		2º		6
Teoría e historia da arte I	Historia da arte	Obrigatoria	3.5	1º		3	
Teoría e historia da arte II	Historia da arte	Obrigatoria	3.5		2º		3
Canto I	Música e canto	Obrigatoria	3	1º		3	
Canto II	Música e canto	Obrigatoria	3		2º		3
Literatura dramática II	Historia e teoría da literatura dramática	Obrigatoria	3.5	1º		3	
Literatura dramática III	Historia e teoría da literatura dramática	Obrigatoria	3.5		2º		3
Totais			60			30	30

Estudos superiores de Arte Dramática							
Especialidade en interpretación							
Curso terceiro							
Disciplina	Materia	Tipo	ECTS	Cuadrimestre		Horas	
Interpretación V	Prácticas de interpretación	Obrigatoria	5	1º		9	
Interpretación VI	Prácticas de interpretación	Obrigatoria	5		2º		9
Sistemas de interpretación I	Sistemas de interpretación	Obrigatoria	4	1º		3	
Sistemas de interpretación II	Sistemas de interpretación	Obrigatoria	4		2º		3
Deseño do personaxe I	Deseño do personaxe	Obrigatoria	4	1º		3	
Deseño do personaxe II	Deseño do personaxe	Obrigatoria	4		2º		3
Dramaturxia I	Dramaturxia	Obrigatoria	4	1º		3	
Dramaturxia II	Dramaturxia	Obrigatoria	4		2º		3
Historia das artes do espectáculo I	Historia das artes do espectáculo	Formación básica	4	1º		3	
Historia das artes do espectáculo II	Historia das artes do espectáculo	Formación básica	4		2º		3
Itinerario en interpretación textual							
Verso I	Voz	Obrigatoria	3	1º		3	
Verso II	Voz	Obrigatoria	3		2º		3
Optativas I e II		Optativa	6	1º		6	



Disciplina	Materia	Tipo	ECTS	Cuadrimestre		Horas	
Optativas III e IV		Optativa	6		2º		6
Itinerario en interpretación xestual							
Mimo I	Sistemas de interpretación xestual	Obrigatoria	3	1º		3	
Mimo II	Sistemas de interpretación xestual	Obrigatoria	3		2º		3
Optativas I e II		Optativa	6	1º		6	
Optativas III e IV		Optativa	6		2º		6
Itinerario en interpretación no musical							
Danza III	Movemento	Obrigatoria	3	1º		3	
Danza IV	Movemento	Obrigatoria	3		2º		3
Canto III	Música e canto	Obrigatoria	3	1º		3	
Canto IV	Música e canto	Obrigatoria	3		2º		3
Optativa I		Optativa	3	1º		3	
Optativa II		Optativa	3		2º		3
Itinerario en interpretación con obxectos							
Construción de obxectos I	Técnicas de realización de materiais	Obrigatoria	3	1º		3	
Construción de obxectos II	Técnicas de realización de materiais	Obrigatoria	3		2º		3
Recursos literarios e dramáticos	Historia e teoría da literatura dramática	Obrigatoria	3	1º		3	
Optativa I		Optativa	3	1º		3	
Optativa II		Optativa	6		2º		6
Totais			60			30	30

Estudios superiores de Arte Dramática							
Especialidade en interpretación							
Curso cuarto							
Disciplina	Materia	Tipo	ECTS	Cuadrimestre		Horas	
Obradoiro de interpretación I	Prácticas de interpretación Sistemas de interpretación	Obrigatoria	4 4	1º		8	
Producción e xestión	Producción e xestión	Formación básica	5	1º		4	
Escenificación	Escenificación	Obrigatoria	6	1º		4	
Pedagogía teatral I	Pedagogía	Formación básica	2.5	1º		3	
Pedagogía teatral II	Pedagogía	Formación básica	2.5		2º		3
Introdución á investigación escénica I	Pedagogía	Formación básica	2	1º		2	



Disciplina	Materia	Tipo	ECTS	Cuadrimestre		Horas	
Introdución á investigación escénica II	Pedagoxía	Formación básica	2		2º		2
Análise de espectáculos	Historia das artes do espectáculo	Obrigatoria	3	1º		3	
Obradoiro de interpretación II	Prácticas de interpretación Sistemas de interpretación	Obrigatoria	4 4		2º		10
Traballo fin de estudos	Prácticas de interpretación Sistemas de interpretación	Obrigatoria	12		2º		12
Itinerario en interpretación textual							
Interpretación no audiovisual I	Sistemas de interpretación	Obrigatoria	3	1º		3	
Interpretación no audiovisual II	Prácticas de interpretación	Obrigatoria	3		2º		3
Optativa I		Optativa	3	1º		3	
Itinerario en interpretación xestual							
Acrobacia	Movemento	Obrigatoria	3	1º		3	
Optativas I e II			3+3	1º	2º	3	3
Itinerario en interpretación no musical							
Danza V	Movemento	Obrigatoria	3	1º		3	
Canto V	Música e canto	Obrigatoria	3	1º		3	
Optativa I		Optativa	3		2º		3
Itinerario en interpretación con obxectos							
Construción de obxectos III	Técnicas de realización de materiais	Obrigatoria	6	1º		6	
Optativa I		Optativa	3		2º		3
Totais			60			30	30

ANEXO II

Competencias, perfís profesionais e criterios de avaliación dos títulos superiores de Arte Dramática

Competencias transversais

- T1. Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
- T2. Recoller información significativa, analizala, sintetizala e xestionala adecuadamente.
- T3. Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
- T4. Utilizar eficientemente as tecnoloxías da información e da comunicación.



T5. Comprender e utilizar, polo menos, unha lingua estranxeira no ámbito do seu desenvolvemento profesional.

T6. Realizar autocrítica cara ao propio desempeño profesional e interpersonal.

T7. Utilizar as habilidades comunicativas e a crítica construtiva no traballo en equipo.

T8. Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos.

T9. Integrarse adecuadamente en equipos multidisciplinares e en contextos culturais diversos.

T10. Liderar e xestionar grupos de traballo.

T11. Desenvolver na práctica laboral unha ética profesional baseada na apreciación e sensibilidade estética, ambiental e cara á diversidade.

T12. Adaptarse, en condicións de competitividade, aos cambios culturais, sociais e artísticos e aos avances que se producen no ámbito profesional e seleccionar as canles adecuadas de formación continuada.

T13. Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional.

T14. Dominar a metodoloxía de investigación na xeración de proxectos, ideas e solucións viables.

T15. Traballar de forma autónoma e valorar a importancia da iniciativa e o espírito emprendedor no exercicio profesional.

T16. Usar os medios e recursos ao seu alcance con responsabilidade cara ao patrimonio cultural e ambiental.

T17. Contribuír coa súa actividade profesional á sensibilización social da importancia do patrimonio cultural, da súa incidencia nos diferentes ámbitos e da súa capacidade de xerar valores significativos.



Competencias xerais

X1. Fomentar a autonomía e autorregulación no ámbito do coñecemento, das emocións, das actitudes e das condutas, mostrando independencia na recollida, análise e síntese da información, no desenvolvemento de ideas e argumentos dunha forma crítica e na súa capacidade para a propia motivación e a organización nos procesos creativos.

X2. Comprender psicolxicamente e empatizar para entender e sentir as vidas, situacións e personalidades alleas, utilizando de maneira eficaz as súas capacidades de imaxinación, intuición, intelixencia emocional e pensamento creativo para a solución de problemas, desenvolvendo a súa capacidade para pensar e traballar con flexibilidade, adaptándose ás demais persoas e ás circunstancias cambiantes do traballo, así como a conciencia e o uso saudable do propio corpo e o equilibrio necesario para responder aos requisitos psicolóxicos asociados ao espectáculo.

X3. Potenciar a conciencia crítica, aplicando unha visión crítica construtiva ao traballo propio e ao dos demais, e desenvolvendo unha ética profesional que estableza unha relación adecuada entre os medios que utiliza e os fins que persegue.

X4. Comunicar, mostrando capacidade suficiente de negociación e organización do traballo en grupo, a integración en contextos culturais diversos e o uso das novas tecnoloxías.

X5. Fomentar a expresión e a creación persoal, integrando os coñecementos teóricos, técnicos e prácticos adquiridos, mostrando sinceridade, responsabilidade e xenerosidade no proceso creativo, asumindo o risco, tolerando o fracaso e valorando de maneira equilibrada o éxito social.

X6. Desenvolver unha metodoloxía de traballo, estudo e investigación encamiñada á autoformación na propia disciplina, procurando ámbitos adecuados para a formación continuada e para adaptarse a diversas situacións, especialmente ás derivadas da evolución da súa profesión.

X7. Valorar a arte dramática como unha actividade integrada na sociedade e na cultura galegas, coas cales comparte obxectivos e retos.

X8. Vincular a propia actividade teatral e escénica a outras disciplinas do pensamento científico e humanístico, ás artes en xeral e ao resto de disciplinas teatrais en particular, enriquecendo o exercicio da súa profesión cunha dimensión multidisciplinar.



Competencias específicas de dirección escénica e dramaturxia

ED1. Concibir propostas escénicas que fundamentan o espectáculo, xerando e analizando conceptos, textos e imaxes e valorando as súas propiedades representativas e a súa calidade estética.

ED2. Proxectar a composición do espectáculo, utilizando todos os coñecementos estéticos e técnicos necesarios sobre as diferentes linguaxes e os códigos que participan na representación.

ED3. Planificar e conducir o proceso xeral de creación do espectáculo, aplicando a metodoloxía de traballo pertinente.

ED4. Planificar e desenvolver programas de educación e animación teatral.

ED5. Investigar para concibir e fundamentar o proceso creativo persoal, tanto no que se refire á metodoloxía de traballo como á renovación estética.

ED6. Estudar o feito escénico a partir de diferentes métodos e coñecer aspectos básicos na investigación escénica.

Competencias específicas de escenografía

EE1. Concibir as ideas e propostas que fundamentan a creación do deseño, explorando a dinámica do espazo, do corpo e da luz, valorando as súas propiedades representativas e a súa calidade estética.

EE2. Proxectar a composición do deseño a través do uso do coñecemento dos procedementos técnicos e de representación.

EE3. Planificar e facer o seguimento do proceso de realización da creación, aplicando as metodoloxías de traballo pertinentes.

EE4. Planificar e desenvolver programas de educación e animación teatral.

EE5. Estudar para concibir e fundamentar o proceso creativo persoal, tanto no que se refire ás metodoloxías de traballo como á renovación estética.



EE6. Estudar o feito escénico a partir de diferentes métodos e coñecer aspectos básicos na investigación escénica.

Competencias específicas de interpretación

EI1. Dominar os recursos expresivos necesarios para o desenvolvemento de procesos de interpretación, actuación e representación, no ámbito escénico e audiovisual.

EI2. Participar na creación da partitura escénica e/ou do personaxe, escénico ou audiovisual, e interpretalo adecuadamente, a través do dominio das diferentes técnicas interpretativas.

EI3. Integrar e interactuar coas restantes linguaxes e códigos que conforman o espectáculo escénico ou audiovisual.

EI4. Planificar e desenvolver programas de educación e animación teatral.

EI5. Concibir e fundamentar o proceso creativo persoal, tanto no que se refire ás metodoloxías de traballo como á renovación estética.

EI6. Estudar o feito escénico a partir de diferentes métodos e coñecer aspectos básicos na investigación escénica.

Perfís profesionais dos títulos superiores de Arte Dramática

Perfil profesional do/da titulado/a superior de Arte Dramática na especialidade de dirección escénica e dramaturxia

O perfil profesional definido na especialidade de dirección escénica e dramaturxia corresponde ao/á dun/dunha artista que contempla no seu conxunto o proceso de creación teatral e comprende, utiliza, coordina e xestiona as diversas linguaxes que participan na creación dun espectáculo. Desenvolve un proxecto artístico persoal ao mesmo tempo que, coa posible colaboración dos/das artistas e especialistas, harmoniza e dispón os diferentes elementos da creación escénica nun espazo e nun tempo determinados, tratando de suscitar no/na espectador/a emocións, sensacións e ideas a través da palabra e a imaxe. Este/a profesional estará capacitado/a para o exercicio da investigación e da docencia.



Perfil profesional do/da titulado/a superior de Arte Dramática na especialidade de escenografía

O perfil profesional definido na especialidade de escenografía corresponde ao/á dun/dunha artista, pensador/a e comunicador/a de imaxes que utiliza basicamente a linguaxe do espazo e a dos obxectos e seres que o habitan. Desenvolve unha visión artística persoal que se combina coa doutros/as artistas e participa nun proxecto artístico ou comunicativo común. Este/a profesional estará capacitado/a para o exercicio da investigación e da docencia.

Perfil profesional do/de la titulado/a superior de Arte Dramática na especialidade de interpretación

O perfil definido na especialidade de interpretación corresponde ao/á dun/dunha artista, creador/a, intérprete e comunicador/a de signos que se utiliza a si mesmo/a como instrumento, integrando os seus recursos expresivos, corpo, voz e os seus recursos cognitivos e emocionais, poñéndoos ao servizo do espectáculo. Desenvolve unha visión artística persoal que se combina coa doutros/as artistas participando nun proxecto artístico común. Este/a profesional estará capacitado/a para o exercicio da investigación e da docencia.

Criterios de avaliación dos títulos superiores de Arte Dramática

Criterios de avaliación comúns ás titulacións das ensinanzas artísticas superiores

1. Afacerse a condicións de competitividade, aos cambios culturais, sociais e artísticos e aos avances que se producen no ámbito profesional e seleccionar as canles adecuadas de formación continuada.
2. Amosar condutas de liderado responsable na xestión de grupos de traballo.
3. Amosar unha actitude autocrítica cara ao propio desempeño profesional e interpersoal.
4. Amosar unha actitude de responsabilidade no uso dos medios e recursos ao seu alcance en relación co patrimonio cultural e ambiental.



5. Apreciar a importancia da sensibilización social respecto do valor do patrimonio cultural, a súa incidencia nos diferentes ámbitos e a súa capacidade de xerar valores significativos.
6. Apreciar a sensibilidade estética, ambiental e cara á diversidade.
7. Colaborar de modo integrado en equipos multidisciplinares e en contextos culturais diversos.
8. Comprender e usar, polo menos, unha lingua estranxeira no ámbito do seu desenvolvemento profesional.
9. Esforzarse no traballo autónomo.
10. Formular razoada e criticamente ideas e argumentos.
11. Localizar e compilar información significativa, analizala, sintetizala e xestionala adecuadamente.
12. Manexar a metodoloxía de investigación na xeración de proxectos, ideas e solucións viables.
13. Manexar eficientemente as tecnoloxías da información e da comunicación.
14. Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
15. Preocuparse por buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional.
16. Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
17. Usar as habilidades comunicativas e amosar unha actitude crítica construtiva no traballo en equipo.
18. Valorar a importancia da iniciativa e o espírito emprendedor no exercicio profesional.

**Critérios de avaliación xerais do/da titulado/a
superior de Arte Dramática**

1. Amosar autonomía, independencia e capacidade de motivación e de organización nos procesos creativos.



2. Amosar capacidade de comprensión da alteridade, no que atinxe a feitos fundamentais como a conduta, a situación, o conflito e a personalidade.

3. Amosar a capacidade necesaria para traballar con flexibilidade e para tirar o máximo partido dos recursos expresivos e creativos propios dun/dunha creador/a escénico/a.

4. Improvisar en distintos contextos a partir do coñecemento de estilos, formatos, técnicas, tendencias e linguaxes diversas.

5. Crear e deseñar os propios conceptos artísticos.

6. Experimentar coa improvisación, a creación e a recreación teatral.

7. Expoñer de forma escrita e verbal o contido e os obxectivos da súa actividade profesional a persoas especializadas, cun uso adecuado do vocabulario técnico e xeral.

8. Expoñer e debater verbalmente os seus puntos de vista sobre conceptos teatrais e escénicos diversos.

9. Expresarse a través dos propios conceptos artísticos a partir de técnicas e recursos asimilados.

10. Coñecer os diferentes estilos e prácticas escénicas de cara a entender, nun contexto cultural máis amplo, o propio campo de actividade e enriquecelo.

11. Coñecer os fundamentos e a estrutura dos códigos de expresión e creación teatral e saber aplicarlos na práctica interpretativa, creativa, de investigación ou pedagóxica.

12. Coñecer os recursos tecnolóxicos propios do seu campo de actividade e as súas aplicacións no teatro.

13. Coñecer suficientemente o feito escénico e teatral e a súa relación coa evolución dos valores estéticos, artísticos e culturais.

14. Identificar, coñecer e analizar un repertorio escénico amplo e actualizado, centrado na súa especialidade pero aberto a outras tradicións.

15. Identificar os trazos estilísticos que caracterizan os repertorios escénicos considerados desde a súa especialidade e describilos de forma clara e completa.



16. Identificar e describir os principios teóricos das artes escénicas.
17. Identificar, describir e analizar un conxunto suficiente de obras, espectáculos, ensaios, autores/as, creadores/as e movementos máis representativos na literatura histórica e analítica das artes escénicas.
18. Amosar unha actitude aberta, positiva e crítica respecto das novidades tecnolóxicas, escénicas e artísticas máis recentes.
19. Colaborar en diferentes tipos de proxectos escénicos participativos.
20. Amosar unha conciencia crítica da práctica profesional propia e allea, coñecer e aplicar as ferramentas necesarias para o desempeño da análise escénica.
21. Coñecer as implicacións pedagóxicas e educativas do teatro en distintos ámbitos.
22. Coñecer e aplicar a lexislación relativa ao seu ámbito profesional.
23. Coñecer e usar metodoloxías de estudo e investigación que o/a capaciten para o continuo desenvolvemento e a innovación da súa actividade teatral ao longo da súa carreira profesional.
24. Coñecer o contexto social, cultural e económico en que se desenvolve a práctica teatral, con especial atención ao seu contorno máis inmediato pero tamén con atención á súa dimensión global.
25. Coñecer o desenvolvemento histórico das artes escénicas e do teatro nas súas diferentes tradicións, desde unha perspectiva crítica que sitúe o seu desenvolvemento nun contexto social e cultural.
26. Manexar os métodos de traballo máis apropiados para superar os retos que se lle presenten no terreo do estudo persoal e na práctica escénica colectiva.
27. Manexar recursos teatrais e escénicos amplos e diversos para poder desenvolver procesos de creación escénica en función da súa especialidade.
28. Relacionar a propia actividade teatral con outras disciplinas do pensamento científico e humanístico, coas artes en xeral e co resto de disciplinas escénicas en particular, enriquecendo o exercicio da súa profesión cunha dimensión crítica e multidisciplinar.



29. Valorar a autoformación como un recurso de mellora ao longo da súa vida profesional.

30. Valorar a creación teatral como a acción de dar forma escénica a un pensamento estrutural rico e complexo.

**Critérios de avaliación específicos do/da titulado/a superior
de Arte Dramática na especialidade de dirección escénica e dramaturxia**

1. Amosar unha actitude positiva para a adaptación a contornos e retos creativos múltiples.

2. Aplicar as novas tecnoloxías ao ámbito da creación escénica e da dramaturxia nunha variedade de contextos e formatos, incluíndo as colaboracións con outros campos artísticos.

3. Comprender e usar metodoloxías necesarias para a investigación e experimentación teatral e no eido da dirección escénica e da dramaturxia.

4. Coñecer as tendencias e propostas máis recentes en distintos campos da creación escénica, da dirección escénica e da dramaturxia.

5. Coñecer desde un punto de vista crítico as tendencias principais no campo da dirección escénica e da dramaturxia nun amplo repertorio de diferentes épocas e estilos.

6. Coñecer os aspectos estéticos, artísticos e formais de textos, espectáculos e repertorios da tradición occidental e doutras tradicións escénicas.

7. Coñecer os fundamentos da interpretación, dos diferentes estilos e os fundamentos da dirección de actores/actrices.

8. Describir e explicar verbalmente un xuízo teórico, analítico, estético e crítico ben estruturado respecto das creacións escénicas.

9. Dispoñer dunha personalidade artística singular e flexible.

10. Identificar, analizar e describir as principais tendencias na tradición occidental e noutras tradicións escénicas.



11. Interesarse pola investigación e a experimentación escénica.
12. Interpretar analiticamente a construción dos espectáculos escénicos en todos e cada un dos aspectos e niveis estruturais que os conforman.
13. Utilizar e comprender as técnicas e os recursos dos principais estilos compositivos históricos e recentes.
14. Coñecer os fundamentos en pedagogía teatral, tanto na área de coñecementos sistématicos como na súa aplicación.

**Criteria de avaliación específicos do/da titulado/a superior
de Arte Dramática na especialidade de escenografía**

1. Amosar unha actitude positiva para a adaptación a contornos e retos creativos múltiples.
2. Aplicar as novas tecnoloxías ao ámbito da escenografía nunha variedade de contextos e formatos, incluíndo as colaboracións con outros campos artísticos.
3. Comprender e usar metodoloxías necesarias para a investigación e experimentación teatral e no eido da escenografía.
4. Coñecer as tendencias e propostas máis recentes en distintos campos da creación escenográfica.
5. Coñecer desde un punto de vista crítico as tendencias principais no campo da creación escenográfica nun amplo repertorio de diferentes épocas e estilos.
6. Coñecer os aspectos estéticos, artísticos e formais de textos, espectáculos e repertorios da tradición occidental e doutras tradicións escénicas.
7. Dominar as técnicas de expresión gráfica e coñecer os códigos espaciais, luminosos e sonoros, que se poden integrar nun proxecto escenográfico.
8. Coñecer os procesos, as técnicas e os recursos propios da construción e realización de escenografías.
9. Describir e explicar verbalmente un xuízo teórico, analítico, estético e crítico ben estruturado respecto das creacións escénicas.



10. Dispoñer dunha personalidade artística singular e flexible.
11. Identificar, analizar e describir as principais tendencias na tradición occidental e noutras tradicións escénicas.
12. Interesarse pola investigación e pola experimentación escénica.
13. Interpretar analiticamente a construción dos espectáculos escénicos en todos e cada un dos aspectos e niveis estruturais que os conforman.
14. Utilizar e comprender as técnicas e os recursos dos principais estilos compositivos históricos e recentes.
15. Coñecer os fundamentos en pedagogía teatral, tanto na área de coñecementos sistématicos como na súa aplicación.

**Critérios de avaliación específicos do/da titulado/a superior
de Arte Dramática na especialidade de interpretación**

1. Aceptar e respectar as diferentes funcións subordinadas, participativas ou de liderado que se poden dar nun proxecto escénico colectivo.
2. Comunicar, como intérprete, as estruturas, ideas e materiais teatrais con rigor.
3. Coñecer as implicacións artísticas e estéticas que leva a súa actividade profesional e ser capaz de desenvolver as súas aplicacións prácticas.
4. Coñecer os procesos e recursos propios do traballo de interpretación, mostrando flexibilidade e capacidade de integración no grupo.
5. Construír unha idea interpretativa coherente e propia.
6. Debater e explicar verbalmente os seus puntos de vista sobre a interpretación, así como responder ao reto que supón facilitar a comprensión da obra escénica.
7. Dominar a improvisación, a creación de personaxes e a creación de partituras de interpretación.



8. Interactuar de xeito coherente e eficaz en todo tipo de proxectos escénicos, desde os individuais ata os colectivos.

9. Interpretar o repertorio significativo da súa especialidade tratando de xeito adecuado os aspectos que o identifican na súa diversidade estilística.

10. Manexar as técnicas orais e corporais de xeito que se poida expresar teatralmente, partindo do coñecemento e dominio da técnica oral e corporal, así como das características propias e das variantes estilísticas de cada estilo de interpretación.

11. Interesarse pola investigación e pola experimentación escénica.

12. Coñecer os fundamentos en pedagogía teatral, tanto na área de coñecementos sistémicos como na súa aplicación.

ANEXO III

Descritores de disciplinas e competencias

Especialidade de dirección escénica e dramaturxia

Análise de espectáculos	Dirección escénica e dramaturxia
Descritor Estudo de diferentes modelos para a análise dos espectáculos teatrais aplicados tanto á dirección de escena como á dramaturxia, facendo fincapé no teatro como feito escénico e nos seus distintos xéneros para logo atender os demais tipos de espectáculo en vivo (danza, musical, obxectos,...) e abordar asemade a técnica da análise comparativa, o ensaio crítico e a interpretación do feito escénico desde coordenadas sociais, políticas, históricas, económicas e culturais.	
Competencias que se adquiren	
Transversais	T2, T6, T8, T14
Xerais	X1, X3, X6, X8
Específicas	ED2, ED6
Composición escénica I	Dirección escénica e dramaturxia
Descritor Estudo e práctica dos principios compositivos aplicados aos elementos de significación da posta en escena: harmonía, contraste, conflito, equilibrio, desequilibrio, etc.	
Competencias que se adquiren	
Transversais	T1, T3, T6, T7, T8
Xerais	X1, X2, X3
Específicas	ED1, ED2, ED3



Composición escénica II		Dirección escénica e dramaturxia
Descritor Práctica da creación espectacular a partir dos principios fundamentais da composición. Interrelación e interdependencia dos elementos significativos da linguaxe escénica e da súa recepción.		
Competencias que se adquiren		
Transversais	T1, T3, T6, T7, T8	
Xerais	X1, X2, X3	
Específicas	ED1, ED2, ED3	
Coreografía e danza I		Dirección escénica e dramaturxia
Descritor Estudo teórico-práctico dos elementos básicos que conforman as diferentes técnicas da danza. Iniciación na busca do movemento: a evolución do corpo no espazo en relación coa enerxía, co esforzo e ritmo. Comprensión das posibilidades expresivas corporais a través da danza.		
Competencias que se adquiren		
Transversais	T1, T3, T10, T15	
Xerais	X1, X2, X3, X5	
Específicas	ED2, ED3, ED5	
Coreografía e danza II		Dirección escénica e dramaturxia
Descritor Iniciación á composición coreográfica: estudo das bases e elementos que a conforman.		
Competencias que se adquiren		
Transversais	T1, T3, T10, T15	
Xerais	X1, X2, X3, X5	
Específicas	ED2, ED3, ED5	
Deseño do personaxe I		Dirección escénica e dramaturxia
Descritor Introducción ao dominio específico das ferramentas precisas para o recoñecemento e a análise dos signos que emiten o corpo, o rostro e o vestido do/da actor/actriz, para a súa creación segundo os requirimentos do personaxe.		
Competencias que se adquiren		
Transversais	T2, T3, T6, T14	
Xerais	X1, X3, X5, X6	
Específicas	ED1, ED2, ED3, ED5	
Deseño do personaxe II		Dirección escénica e dramaturxia
Descritor Dominio e aplicación das ferramentas precisas para o recoñecemento e a análise dos signos que emiten o corpo, o rostro e o vestido do/da actor/actriz, para a súa creación segundo os requirimentos do personaxe.		
Competencias que se adquiren		
Transversais	T2, T3, T6, T14	
Xerais	X1, X3, X5, X6	
Específicas	ED1, ED2, ED3, ED5	



Dirección de actores/actrices I	Dirección escénica e dramaturxia
Descritor Aplicación das técnicas dos sistemas de interpretación na dirección de actores/actrices na escena. Análise e concepción da situación e do personaxe. Interacción do/da actor/actriz no espazo e no tempo co resto de linguaxes escénicas. Concepción e análise do movemento escénico. Posición, desprazamento, ritmo e coreografía.	
Competencias que se adquiren	
Transversais	T1, T3, T6, T7, T9, T10
Xerais	X2, X3, X4, X5, X6
Específicas	ED2, ED3, ED6

Dirección de actores/actrices II	Dirección escénica e dramaturxia
Descritor Coñecemento das diferentes escolas e dos sistemas na dirección de intérpretes (actores/actrices e bailaríns/bailarinas) que forman parte dun proxecto espectacular. Aplicación das técnicas dos sistemas de interpretación na dirección de actores/actrices nos medios audiovisuais. Análise e concepción da situación e do personaxe. Interacción do/da actor/actriz no espazo e no tempo co resto de linguaxes escénicas.	
Competencias que se adquiren	
Transversais	T1, T3, T6, T7, T9, T10
Xerais	X2, X3, X4, X5, X6
Específicas	ED2, ED3, ED6

Dramaturxia I	Dirección escénica e dramaturxia
Descritor Principios xerais de dramaturxia. Análise das diversas formas de espectáculo (incluído o espectáculo audiovisual). Coñecemento e análise das estruturas e xéneros dramáticos e audiovisuais. Construción, elaboración e análise de xéneros e argumentos, personaxes e situacións dramáticas. Análise e documentación para a adaptación de textos non dramáticos de cara á súa escenificación.	
Competencias que se adquiren	
Transversais	T1, T2, T3, T4, T6, T7, T8, T13, T17
Xerais	X3, X5, X7, X8
Específicas	ED1, ED2, ED3, ED5, ED6

Dramaturxia II	Dirección escénica e dramaturxia
Descritor Análise do texto dramático desde a perspectiva de xénero. Coñecemento e análise das diversas técnicas de escrita aplicadas en todos os xéneros e medios. Revisión e actualización dos clásicos. Análise e documentación para a adaptación dos clásicos de cara á súa escenificación.	
Competencias que se adquiren	
Transversais	T1, T2, T3, T4, T6, T7, T8, T13, T17
Xerais	X3, X5, X7, X8
Específicas	ED1, ED2, ED5



Dramaturxia III	Dirección escénica e dramaturxia (Itinerario en dramaturxia)
Descritor Principios xerais de dramaturxia aplicados ás manifestacións escénicas non textuais e ao espectáculo audiovisual. Análise práctica das diversas formas de espectáculo non textual (teatro das imaxes, teatro de rúa, teatro obxectual, danza-teatro, presentación escénica, teatro virtual,...) e do espectáculo audiovisual. Coñecemento e análise práctica das dramaturxias performativas, visuais e escénicas. Análise e práctica da partitura dramática. Coñecemento e análise das dramaturxias do audiovisual. Análise e práctica do guión audiovisual. Valoración dos procesos creativos.	
Competencias que se adquiren	
Transversais	T1, T8, T9, T12, T13
Xerais	X1, X4, X5, X6, X8
Específicas	ED1, ED2, ED3, ED5
Dramaturxia IV	Dirección escénica e dramaturxia (Itinerario en dramaturxia)
Descritor Principios xerais de dramaturxia aplicados ás manifestacións escénicas non textuais e ao espectáculo audiovisual. Análise práctica das diversas formas de espectáculo non textual (teatro das imaxes, teatro de rúa, teatro obxectual, danza-teatro, presentación escénica, teatro virtual,...) e do espectáculo audiovisual. Coñecemento e análise práctica das dramaturxias performativas, visuais e escénicas. Análise e práctica da partitura dramática. Coñecemento e análise das dramaturxias do audiovisual. Análise e práctica do guión audiovisual. Valoración dos procesos creativos.	
Competencias que se adquiren	
Transversais	T1, T8, T9, T12, T13
Xerais	X1, X4, X5, X6, X8
Específicas	ED1, ED2, ED3, ED5
Escenificación I	Dirección escénica e dramaturxia
Descritor Principios xerais da escenificación. Estudo da concepción, desenvolvemento e evolución do espectáculo. Análise da situación, do personaxe e da escena. Creación e análise do texto espectacular.	
Competencias que se adquiren	
Transversais	T1, T2, T3, T14, T17
Xerais	X1, X3, X6, X7
Específicas	ED1, ED3, ED5
Escenificación II	Dirección escénica e dramaturxia
Descritor Proxección do traballo dramático na posta en escena. Elementos de creación escénica. Principios estéticos, éticos e humanísticos de diversos métodos e escolas de escenificación: tradicións, tendencias e creadores/as. Metodoloxías e técnicas da dirección escénica.	
Competencias que se adquiren	
Transversais	T2, T3, T6, T7, T14
Xerais	X1, X4, X5, X7
Específicas	ED2, ED3, ED5, ED6



Escenificación III	Dirección escénica e dramaturxia (Itinerario en dirección escénica)
Descritor Análise da escenificación nas diversas formas espectaculares, incluído o espectáculo audiovisual. Diferentes linguaxes e disciplinas artísticas para a creación escénica interdisciplinaria.	
Competencias que se adquiren	
Transversais	T4, T9, T10, T12, T16
Xerais	X1, X2, X4, X8
Específicas	ED2, ED4, ED5, ED6

Escrita dramática I	Dirección escénica e dramaturxia
Descritor Práctica da escrita dramática na cal se integran os procedementos e os coñecementos da formación para conseguir transmitir as sensacións, as emocións e o sentido na escenificación teatral. Experimentación da complexidade do proceso poético-productivo e da planificación do proceso estético-receptivo. Adestramento nos métodos de traballo. Valoración e crítica dos resultados e da metodoloxía de traballo para a produción de sentido e para a construción da recepción.	
Competencias que se adquiren	
Transversais	T1, T6, T8, T13, T15, T17
Xerais	X1, X3, X5, X6, X7
Específicas	ED1, ED2, ED3, ED5

Escrita dramática II	Dirección escénica e dramaturxia
Descritor Práctica da escrita de textos dramáticos para a escenificación teatral na cal se integran os procedementos e os coñecementos adquiridos, nomeadamente na dramaturxia. Experimentación da complexidade do proceso poético-productivo coa práctica de estilos e paradigmas textuais alleos. Coñecemento e experimentación dos métodos de traballo. Valoración e crítica dos resultados e da metodoloxía de traballo para a produción de sentido e para a construción da recepción.	
Competencias que se adquiren	
Transversais	T1, T6, T8, T13, T15, T17
Xerais	X1, X3, X5, X6, X7
Específicas	ED1, ED2, ED3, ED5

Escrita dramática III	Dirección escénica e dramaturxia
Descritor Práctica da escrita de textos dramáticos, segundo o modelo dramático clásico (peza máquina, peza «ben feita»,...), na cal se integran os procedementos e os coñecementos adquiridos. Experimentación na complexidade dos procesos poético-productivos e da planificación dos procesos estético-receptivos. Adestramento nos métodos de traballo. Valoración e crítica dos resultados e da metodoloxía de traballo para a produción de sentido e para a construción da recepción.	
Competencias que se adquiren	
Transversais	T3, T8, T9, T10, T12, T13, T16, T17
Xerais	X3, X4, X5, X6, X7, X8
Específicas	ED1, ED2, ED3, ED5



Escrita dramática IV		Dirección escénica e dramaturxia
Descritor Práctica da composición de textos e partituras posdramáticas, vinculada ás prácticas escénicas, performativas e audiovisuais contemporáneas, na cal se integran os procedementos e os coñecementos adquiridos. Experimentación da complexidade na coherencia e cohesión dos procesos poético-productivos e na planificación dos procesos estético-receptivos adecuados á especificidade. Adestramento nos métodos de traballo. Valoración e crítica do resultado e da metodoloxía de traballo para a produción de sentido e para a construción da recepción.		
Competencias que se adquiren		
Transversais	T3, T8, T9, T10, T12, T13, T16, T17	
Xerais	X3, X4, X5, X6, X7, X8	
Específicas	ED1, ED2, ED3, ED5	

Escrita dramática V		Dirección escénica e dramaturxia (Itinerario en dramaturxia)
Descritor Práctica da escrita do guión audiovisual cinematográfico na cal se integran os procedementos e os coñecementos adquiridos. Experimentación da complexidade dos procesos poético-productivos e da planificación dos procesos estético-receptivos. Adestramento nos métodos de traballo. Valoración e crítica do resultado e da metodoloxía de traballo para a produción de sentido e para a construción da recepción.		
Competencias que se adquiren		
Transversais	T1, T6, T7, T8, T9, T11, T12, T13	
Xerais	X2, X4, X5, X6, X8	
Específicas	ED1, ED2, ED3, ED5	

Escrita dramática VI		Dirección escénica e dramaturxia (Itinerario en dramaturxia)
Descritor Práctica da escrita de guiños audiovisuais para televisión e outros medios na cal se integran os procedementos e os coñecementos adquiridos. Experimentación da complexidade da serialidade e da hipertextualidade nos procesos poético-productivos e na planificación dos procesos estético-receptivos. Adestramento nos métodos de traballo. Valoración e crítica do resultado e da metodoloxía de traballo para a produción de sentido e para a construción da recepción.		
Competencias que se adquiren		
Transversais	T1, T6, T7, T8, T9, T11, T12, T13	
Xerais	X2, X4, X5, X6, X8	
Específicas	ED1, ED2, ED3, ED5	

Espazo escénico I		Dirección escénica e dramaturxia
Descritor Introducción á utilización dos principios de estrutura, forma, cor, espazo e volume aplicados ao deseño do espazo escénico. O traballo do/da director/a en relación co/coa escenógrafo/a e co/coa iluminador/a.		
Competencias que se adquiren		
Transversais	T2, T7, T8	
Xerais	X1, X3, X5	
Específicas	ED1, ED2, ED5	



Espazo escénico II		Dirección escénica e dramaturxia
Descritor Concepción e análise do espazo e do tempo escénicos e da súa significación. Principios formais e de contido, linguaxe e metodoloxía do espazo escénico, e integración coa iluminación.		
Competencias que se adquiren		
Transversais	T1, T2, T3, T7, T8	
Xerais	X1, X3, X5, X6	
Específicas	ED1, ED2, ED5	

Espazo sonoro		Dirección escénica e dramaturxia
Descritor Análise dos elementos sonoros aplicados na dramaturxia e na escenificación. Concepto de espazo sonoro.		
Competencias que se adquiren		
Transversais	T1, T3, T8, T15	
Xerais	X3, X5, X6	
Específicas	ED1, ED2, ED3, ED5	

Historia da posta en escena		Dirección escénica e dramaturxia
Descritor Estudo do desenvolvemento histórico das diferentes formas do teatro e das outras artes do espectáculo, así como da súa imaxe visual e das distintas opcións dramáticas desde as primeiras manifestacións escénicas ata os nosos días, abordando non só a orde cronolóxica dos acontecementos escénicos, senón tamén a xestión dos grandes conceptos da teoría e da práctica escénica coas súas concrecións no tempo e no espazo.		
Competencias que se adquiren		
Transversais	T2, T8, T14	
Xerais	X6, X7, X8	
Específicas	ED5, ED6	

Historia das artes do espectáculo I		Dirección escénica e dramaturxia
Descritor Estudo das raíces e do desenvolvemento teórico e estético das diferentes formas do espectáculo, principalmente do teatro, da danza, da ópera e do circo a través da historia e atendendo á especificidade das competencias do perfil profesional da dirección escénica e da dramaturxia.		
Competencias que se adquiren		
Transversais	T2, T4, T7, T8	
Xerais	X3, X7, X8	
Específicas	ED5, ED6	



Historia das artes do espectáculo II		Dirección escénica e dramaturxia
Descritor Estudo das raíces e do desenvolvemento teórico e estético das diferentes formas do espectáculo, principalmente do teatro, da danza, da ópera e do circo a través da historia e atendendo á especificidade das competencias do perfil profesional da dirección escénica e da dramaturxia.		
Competencias que se adquiren		
Transversais	T2, T4, T7, T8, T11	
Xerais	X4, X7, X8	
Específicas	ED5, ED6	
Iluminación I		Dirección escénica e dramaturxia
Descritor Concepción e análise do espazo e do tempo escénicos e da súa significación. Introducción aos principios formais e de contido, linguaxe e metodoloxía da iluminación.		
Competencias que se adquiren		
Transversais	T2, T3, T7, T8	
Xerais	X3, X5, X6	
Específicas	ED1, ED2, ED5	
Iluminación II		Dirección escénica e dramaturxia
Descritor Concepción e análise do espazo e do tempo escénicos e da súa significación. Afondamento nos principios formais e de contido, linguaxe e metodoloxía da iluminación.		
Competencias que se adquiren		
Transversais	T2, T3, T7, T8	
Xerais	X3, X5, X6	
Específicas	ED1, ED2, ED5	
Interpretación I		Dirección escénica e dramaturxia
Descritor Introducción á técnica actoral e ao estudo dos procedementos e recursos expresivos e dos procesos psicofísicos do/da actor/actriz. Introducción aos diferentes estilos e métodos interpretativos na perspectiva da dirección de escena e da dramaturxia.		
Competencias que se adquiren		
Transversais	T1, T2, T3, T6, T7	
Xerais	X1, X2, X3, X6	
Específicas	ED1, ED2, ED5	



Interpretación II	Dirección escénica e dramaturxia
Descritor Principios teóricos e dimensión práctica dos procedementos e dos recursos expresivos do/da actor/actriz. Aplicación de diferentes estilos e métodos interpretativos na perspectiva da dirección escénica e da dramaturxia.	
Competencias que se adquiren	
Transversais	T1, T2, T3, T6, T7
Xerais	X1, X2, X3, X6, X8
Específicas	ED1, ED2, ED5

Interpretación III	Dirección escénica e dramaturxia
Descritor Principios teóricos e dimensión práctica dos procedementos e recursos expresivos do/da actor/actriz. Aplicación de diferentes estilos e métodos interpretativos na perspectiva da dirección escénica e da dramaturxia.	
Competencias que se adquiren	
Transversais	T1, T2, T3, T6, T7
Xerais	X1, X2, X3, X6, X8
Específicas	ED1, ED2, ED3, ED5

Introdución á investigación escénica I	Dirección escénica e dramaturxia
Descritor Investigación aplicada nas artes escénicas, na educación e na animación teatral. Paradigmas, métodos e liñas de investigación. A investigación aplicada ao campo da dirección escénica e da dramaturxia.	
Competencias que se adquiren	
Transversais	T1, T2, T4, T14
Xerais	X4, X6, X8
Específicas	ED6

Introdución á investigación escénica II	Dirección escénica e dramaturxia
Descritor Deseño de proxectos en investigación escénica e no campo da dirección escénica e da dramaturxia. Políticas de garantía e xestión de calidade. Estudo de casos e análise de boas prácticas.	
Competencias que se adquiren	
Transversais	T1, T13, T14
Xerais	X4, X6, X8
Específicas	ED6



Literatura dramática I	Dirección escénica e dramaturxia
Descritor Estudo dos principais textos e autores/as relevantes do período da literatura dramática universal considerado, atendendo ao momento histórico en que se crearon, ao seu contido, á forma e ao xénero e tendo en conta a especificidade das competencias do perfil profesional do/da director/a ou dramaturgo/a.	
Competencias que se adquiren	
Transversais	T1, T2, T3, T8, T9, T14, T15
Xerais	X1, X3, X5, X6, X7
Específicas	ED1, ED2, ED5

Literatura dramática II	Dirección escénica e dramaturxia
Descritor Estudo dos principais textos e autores/as relevantes do período da literatura dramática universal considerado, atendendo ao momento histórico en que se crearon, ao seu contido, á forma e ao xénero e tendo en conta a especificidade das competencias do perfil profesional do/da director/a ou dramaturgo/a.	
Competencias que se adquiren	
Transversais	T1, T2, T3, T8, T9, T14, T15
Xerais	X1, X3, X5, X6, X7
Específicas	ED1, ED2, ED5

Literatura dramática III	Dirección escénica e dramaturxia
Descritor Estudo dos principais textos e autores/as relevantes do período da literatura dramática universal considerado, atendendo ao momento histórico en que se crearon, ao seu contido, á forma e ao xénero e tendo en conta a especificidade das competencias do perfil profesional do/da director/a ou dramaturgo/a.	
Competencias que se adquiren	
Transversais	T1, T2, T3, T8, T9, T14, T15
Xerais	X1, X3, X5, X6, X7
Específicas	ED1, ED2, ED5

Movemento expresivo I	Dirección escénica e dramaturxia
Descritor Introducción ao estudo dos procesos que promoven o desenvolvemento das posibilidades corporais, expresivas, creativas e comunicativas no eido da dirección de actores/actrices e da dramaturxia.	
Competencias que se adquiren	
Transversais	T1, T3, T7, T8, T10, T11, T15
Xerais	X1, X2, X3, X4, X5, X8
Específicas	ED1, ED2, ED3, ED5



Movemento expresivo II	Dirección escénica e dramaturxia
Descritor Afondamento no estudo dos procesos que promoven o desenvolvemento das posibilidades corporais, expresivas, creativas e comunicativas no eido da dirección de actores/actrices e da dramaturxia.	
Competencias que se adquiren	
Transversais	T1, T3, T7, T8, T10, T11, T15
Xerais	X1, X2, X3, X4, X5, X8
Específicas	ED1, ED2, ED3, ED5

Música e canto I	Dirección escénica e dramaturxia
Descritor Estudo dos principios musicais (ritmo, melodía, etc.) encamiñados á comprensión, interpretación e creación. Linguaxe musical: iniciación aos códigos de escritura e lectura musical. Estudo da voz cantada: elementos técnicos e expresivos que interveñen.	
Competencias que se adquiren	
Transversais	T1, T6, T7, T9, T10, T13, T15
Xerais	X2, X4, X5, X6
Específicas	ED2, ED3, ED5

Música e canto II	Dirección escénica e dramaturxia
Descritor Estudo dos principios musicais (ritmo, melodía, etc.) encamiñados á comprensión, interpretación e creación. Linguaxe musical: iniciación aos códigos de escritura e lectura musical. Estudo da voz cantada: elementos técnicos e expresivos que interveñen.	
Competencias que se adquiren	
Transversais	T1, T6, T7, T9, T10, T13, T15
Xerais	X2, X4, X5, X6
Específicas	ED2, ED3, ED5

Obradoiro de dramaturxia I	Dirección escénica e dramaturxia (Itinerario en dramaturxia)
Descritor Práctica da escrita dramática en que se sintetizan e integran todos os coñecementos e os procedementos da formación para a creación dos materiais textuais e/ou a partitura dramática dunha proposta escénica, performativa ou visual. Experimentación da complexidade do proceso global da creación, incluíndo a súa posta en voz e/ou no espazo. Experimentación práctica da creación de sentido e da construción dos efectos emocionais na recepción. Coñecemento e experimentación do método de traballo. Valoración e crítica do resultado obtido e do método de traballo utilizado.	
Competencias que se adquiren	
Transversais	T1, T8, T9, T12, T13, T16
Xerais	X1, X3, X4, X5, X6, X8
Específicas	ED1, ED2, ED3, ED5



Obradoiro de dramaturxia II	Dirección escénica e dramaturxia (Itinerario en dramaturxia)
Descritor Práctica da escrita dramática en que se sintetizan e integran todos os coñecementos e os procedementos da formación para a creación dun texto dramático ou dun guión audiovisual. Experimentación da complexidade do proceso global da creación, incluíndo a súa posta en voz e/ou no espazo. Experimentación práctica da creación de sentido e da construción dos efectos emocionais na recepción. Coñecemento e experimentación do método de traballo. Valoración e crítica do resultado obtido e do método de traballo utilizado.	
Competencias que se adquiren	
Transversais	T1, T3, T8, T11, T13, T15
Xerais	X2, X3, X4, X5, X6, X7
Específicas	ED1, ED2, ED3, ED5

Obradoiro de escenificación I	Dirección escénica e dramaturxia (Itinerario en dirección escénica)
Descritor Práctica da creación espectacular, coa síntese e integración dos coñecementos e procedementos adquiridos. Experimentación coa complexidade do proceso global da creación para a construción do sentido e da recepción do espectáculo. Coñecemento e experimentación do método de traballo. Valoración e crítica do resultado obtido e do método de traballo utilizado.	
Competencias que se adquiren	
Transversais	T7, T8, T9, T10, T13
Xerais	X1, X2, X3, X4, X5, X6, X7, X8
Específicas	ED1, ED2, ED3, ED5

Obradoiro de escenificación II	Dirección escénica e dramaturxia (Itinerario en dirección escénica)
Descritor Práctica do proceso completo da creación espectacular, desde a concepción ata a representación, integrando os saberes e procedementos adquiridos durante a carreira. Valoración e crítica do resultado obtido e do método de traballo utilizado.	
Competencias que se adquiren	
Transversais	T9, T12, T16, T17
Xerais	X3, X5, X6
Específicas	ED1, ED2, ED3, ED5

Pedagogía teatral I	Dirección escénica e dramaturxia
Descritor Coñecemento das teorías da educación, da aprendizaxe e da psicoloxía do desenvolvemento. Coñecemento e práctica de procesos de deseño e desenvolvemento do currículo, planificación didáctica e elaboración de materiais para a práctica educativa e a animación teatral. Coñecemento de aspectos básicos da historia da educación e da animación teatral. Educación e animación teatral na perspectiva da dirección escénica e da dramaturxia.	
Competencias que se adquiren	
Transversais	T1, T7, T9, T10, T16, 17
Xerais	X2, X3, X6, X7
Específicas	ED4



Pedagogía teatral II	Dirección escénica e dramaturxia
Descritor Coñecemento dos principios metodolóxicos que orientan o deseño, o desenvolvemento e a avaliación de procesos de ensinanza e aprendizaxe e de programas de animación teatral, en función de diferentes espazos, tempos e persoas beneficiarias. Coñecemento, análise e práctica de métodos e estilos de ensinanza, aprendizaxe e animación. Estudos de casos e análise de boas prácticas. Educación e animación teatral na perspectiva da dirección escénica e da dramaturxia.	
Competencias que se adquiren	
Transversais	T10, T16, T17
Xerais	X6, X7
Específicas	ED4

Prácticas de dirección de escena I	Dirección escénica e dramaturxia (Itinerario en dirección escénica)
Descritor Integración das linguaxes, procedementos e saberes adquiridos para conseguir transmitir as sensacións, as emocións e o sentido na escenificación. Coñecemento e experimentación dos mecanismos de composición dramática (textual e escénica) dos xéneros. Análise práctica do texto dramático e/ou da partitura dramática segundo as estruturas dramáticas do discurso. Práctica dos procesos creativos (intervención, translación, transposición e hibridación) na construción do sentido e nos efectos da recepción.	
Competencias que se adquiren	
Transversais	T8, T9, T13, T17
Xerais	X1, X3, X5, X6, X7
Específicas	ED1, ED2, ED3, ED5

Prácticas de dirección de escena II	Dirección escénica e dramaturxia (Itinerario en dirección escénica)
Descritor Integración das linguaxes, dos procedementos e saberes adquiridos na práctica da creación espectacular para conseguir transmitirle ao/á espectador/a as sensacións, as emocións e o sentido da creación escénica. Análise práctica do texto dramático e/ou partitura dramática. Práctica dos procesos creativos da construción do sentido nos efectos da recepción. Experimentación do método de traballo.	
Competencias que se adquiren	
Transversais	T7, T10, T11, T13
Xerais	X2, X3, X5, X6
Específicas	ED1, ED2, ED3, ED5

Prácticas de escenificación	Dirección escénica e dramaturxia
Descritor Exploración práctica da narratividade espectacular a partir da organización dos materiais escénicos. Adecuación da elección dos elementos de significación aos obxectivos da posta en escena. Coñecemento e experimentación da complexidade do proceso creativo. Valoración e crítica do resultado obtido e do método de traballo utilizado.	
Competencias que se adquiren	
Transversais	T6, T8, T15
Xerais	X1, X2, X3, X5
Específicas	ED1, ED2, ED3, ED5



Produción e xestión I	Dirección escénica e dramaturxia
Descritor Valoración do traballo en función do marco sociolaboral. Comprensión do marco social en que se desenvolva a creación de proxectos de xestión ou produción.	
Competencias que se adquiren	
Transversais	T1, T2, T3, T4, T9, T10, T13, T16, T17
Xerais	X3, X7
Específicas	ED3, ED4

Produción e xestión II	Dirección escénica e dramaturxia
Descritor Coñecementos sobre a lexislación das artes do espectáculo (normativas comerciais, administrativas, laborais e de seguridade). Coñecemento do proceso de elaboración dun proxecto de produción desde os puntos de vista comunicativo e económico.	
Competencias que se adquiren	
Transversais	T1, T2, T3, T4, T10, T13, T15
Xerais	X3, X7
Específicas	ED3, ED4

Técnica vocal e dicción	Dirección escénica e dramaturxia
Descritor Coñecemento anatómico e fisiolóxico do aparello fonador. Recoñecemento e conciencia vocal. Coñecemento de todos os aspectos da técnica vocal (respiración, resoadores, articulación, emisión, etc.). A voz como instrumento creativo. Os principios da comunicación verbal. Estudo da dicción: elementos técnicos e expresivos (ortofonía, prosodia, verso, etc.). A escoita. Uso dos diferentes parámetros vocais na dirección.	
Competencias que se adquiren	
Transversais	T3, T6, T7, T8
Xerais	X1, X3, X5, X7
Específicas	ED1, ED2, ED3, ED5

Tecnoloxía escénica	Dirección escénica e dramaturxia
Descritor Coñecemento e valoración da tecnoloxía do espectáculo para a utilización expresiva dos materiais convencionais e expresivos e dos condicionamentos materiais da arquitectura, da maquinaria, da iluminación, do son e da tecnoloxía da imaxe aplicados ao espectáculo.	
Competencias que se adquiren	
Transversais	T1, T3, T4, T6, T10, T11, T12, T13, T14, T15, T16
Xerais	X3, X5, X6
Específicas	ED2, ED3, ED5



Teoría e análise dramática	Dirección escénica e dramaturxia
Descritor Estudo teórico e aplicado dos conceptos instrumentais e teorías básicas para a análise dos textos da literatura dramática, afondando na interpretación dos seus trazos formais, estilísticos e de xénero e atendendo á especificidade das competencias do perfil profesional do/da director/a ou dramaturgo/a.	
Competencias que se adquiren	
Transversais	T1, T2, T3, T8, T9, T14, T15
Xerais	X1, X3, X5, X6, X7
Específicas	ED1, ED2, ED5

Teoría e historia da arte I	Dirección escénica e dramaturxia
Descritor Coñecementos fundamentais dos conceptos básicos da teoría da arte e das principais metodoloxías de achegamento crítico ás obras de arte. Historia xeral das artes visuais. Estudo de casos prácticos vinculados coa creación escénica.	
Competencias que se adquiren	
Transversais	T2, T8, T9, T12, T17
Xerais	X3, X6, X8
Específicas	ED1, ED5, ED6

Teoría e historia da arte II	Dirección escénica e dramaturxia
Descritor Coñecementos fundamentais dos conceptos básicos da teoría da arte e das principais metodoloxías de achegamento crítico ás obras de arte. Historia xeral das artes visuais. Estudo de casos prácticos vinculados coa creación escénica.	
Competencias que se adquiren	
Transversais	T2, T8, T9, T12, T17
Xerais	X3, X6, X8
Específicas	ED1, ED5, ED6

Teorías do espectáculo I	Dirección escénica e dramaturxia
Descritor Principios teóricos e dimensión práctica da comunicación escénica e audiovisual no ámbito da dirección. Estudo práctico dos principios da linguaxe escénica e audiovisual. Análise práctica da creación escénica e audiovisual como fenómenos comunicativos: aspectos antropolóxicos e sociolóxicos. Análise práctica de espectáculos e procesos metodolóxicos da crítica.	
Competencias que se adquiren	
Transversais	T1, T2, T3, T4
Xerais	X1, X2, X3, X8
Específicas	ED5, ED6



Teorías do espectáculo II		Dirección escénica e dramaturxia
Descritor Principios teóricos e dimensión práctica da comunicación escénica e audiovisual no ámbito da dirección. Estudo práctico dos principios da linguaxe escénica e audiovisual. Análise práctica da creación escénica e audiovisual como fenómenos comunicativos: aspectos estéticos e semiolóxicos. Análise práctica de espectáculos e procesos metodolóxicos da crítica.		
Competencias que se adquiren		
Transversais	T3, T8, T14	
Xerais	X5, X6, X7	
Específicas	ED1, ED2, ED3	

Traballo fin de estudos		Dirección escénica e dramaturxia
Elaboración, e posterior defensa, diante dun tribunal, dun traballo de carácter escénico, coa correspondente memoria que permita unha demostración empírica de ter adquirido as competencias transversais, xerais e específicas da titulación.		
Competencias que se adquiren		
Transversais	T1, T2, T3, T4, T5, T6, T7, T8, T9, T10, T11, T12, T13, T14, T15, T16, T17	
Xerais	X1, X2, X3, X4, X5, X6, X7, X8	
Específicas	ED1, ED2, ED3, ED4, ED5, ED6	

Especialidade de escenografía

Análise de espectáculos		Escenografía
Descritor Estudo de diferentes modelos para a análise dos espectáculos teatrais aplicados á escenografía, facendo fincapé no teatro como feito escénico e nos seus distintos xéneros para logo atender aos demais tipos de espectáculos en vivo (danza, musical, obxectos,...) e abordar asemade a técnica da análise comparativa, o ensaio crítico e a interpretación do feito escénico desde coordenadas sociais, políticas, históricas, económicas e culturais.		
Competencias que se adquiren		
Transversais	T2, T6, T8, T14	
Xerais	X1, X3, X6, X8	
Específicas	EE5, EE6	

Caracterización I		Escenografía
Descritor Introducción ao dominio das ferramentas precisas para o recoñecemento e a análise dos signos que emite o rostro, para a súa adecuación ou modificación en función dos requirimentos do personaxe. Os principios de composición, coñecemento e utilización dos principios de forma, cor e volume aplicados ao deseño do personaxe.		
Competencias que se adquiren		
Transversais	T1, T2, T6, T7	
Xerais	X1, X3, X5, X6	
Específicas	EE1, EE2, EE3, EE5	



Caracterización II	Escenografía
Descritor Dominio das ferramentas precisas para o recoñecemento e a análise dos signos que emite o rostro, para a súa adecuación ou modificación en función dos requirimentos do personaxe. Aplicación dos coñecementos e utilización dos principios de forma, cor e volume aplicados ao deseño do personaxe.	
Competencias que se adquiren	
Transversais	T1, T2, T6, T7
Xerais	X1, X3, X5, X6
Específicas	EE1, EE2, EE3, EE5

Debuxo artístico I	Escenografía
Descritor Principios xerais das técnicas de representación artística. Coñecemento básico das técnicas instrumentais do debuxo e do deseño. Debuxo á man alzada. Técnicas de representación bidimensional. Técnicas plásticas de representación. Valoración e selección dos procesos instrumentais idóneos para cada proxecto. Capacidade de recoñecer e escoller a propia técnica de representación.	
Competencias que se adquiren	
Transversais	T1, T2, T6, T7, T8, T11, T12, T13, T14, T15, T16, T17
Xerais	X1, X3, X5, X6
Específicas	EE1, EE2, EE3, EE5

Debuxo artístico II	Escenografía
Descritor Coñecemento avanzado das técnicas instrumentais do debuxo e do deseño. Debuxo á man alzada. Técnicas de representación tridimensional. Técnicas plásticas de representación II. Valoración e selección dos procesos instrumentais idóneos para cada proxecto. Capacidade de recoñecer e escoller a propia técnica de representación.	
Competencias que se adquiren	
Transversais	T1, T2, T6, T7, T8, T11, T12, T13, T14, T15, T16, T17
Xerais	X1, X3, X5, X6
Específicas	EE1, EE2, EE3, EE5

Debuxo técnico I	Escenografía
Descritor Principios xerais das técnicas de representación técnica. Coñecemento básico das técnicas instrumentais do debuxo técnico. Representacións técnicas básicas. Representación técnica bidimensional de obxectos do cotián.	
Competencias que se adquiren	
Transversais	T1, T2, T6, T7, T8, T11, T12, T13, T14, T15, T16, T17
Xerais	X1, X3, X5, X6
Específicas	EE1, EE2, EE3, EE5



Debuxo técnico II	Escenografía
Descritor Principios xerais das técnicas de representación técnica. Coñecemento avanzado das técnicas instrumentais do debuxo técnico. Representacións técnicas avanzadas. Representación técnica tridimensional de obxectos do cotián.	
Competencias que se adquiren	
Transversais	T1, T2, T6, T7, T8, T11, T12, T13, T14, T15, T16, T17
Xerais	X1, X3, X5, X6
Específicas	EE1, EE2, EE3, EE5

Deseño asistido por ordenador I	Escenografía
Descritor Coñecemento das ferramentas necesarias para a elaboración de plantas e alzados de proxectos en 2D. Manexo de programas de edición gráfica para a realización de bosquexos e propostas escenográficas. Valoración e selección dos procesos instrumentais idóneos para cada proxecto. Capacidade de recoñecer e escoller a propia técnica de representación.	
Competencias que se adquiren	
Transversais	T1, T6, T8, T13, T15, T17
Xerais	X3, X4, X5, X6
Específicas	EE1, EE2, EE3, EE5

Deseño asistido por ordenador II	Escenografía
Descritor Coñecemento das ferramentas necesarias para a elaboración de plantas e alzados de proxectos en 2D. Aproximación ao deseño en 3D. Manexo de programas de edición gráfica para a realización de bosquexos e propostas escenográficas. Valoración e selección dos procesos instrumentais idóneos para cada proxecto. Capacidade de recoñecer e escoller a propia técnica de representación.	
Competencias que se adquiren	
Transversais	T1, T2, T6, T8, T13, T15, T17
Xerais	X3, X4, X5, X6, X8
Específicas	EE1, EE2, EE3, EE5

Deseño do personaxe I	Escenografía
Descritor Introducción ao dominio específico das ferramentas precisas para o recoñecemento e a análise dos signos que emiten o corpo, o rostro e o vestido do/da actor/actriz, para a súa creación segundo os requirimentos do personaxe, aplicando os principios de composición, forma, cor e volume aplicados ao deseño do personaxe.	
Competencias que se adquiren	
Transversais	T2, T3, T6, T14
Xerais	X1, X3, X5, X6
Específicas	EE1, EE2, EE3, EE6



Deseño do personaxe II	Escenografía
Descritor Dominio específico das ferramentas precisas para o recoñecemento e a análise dos signos que emiten o corpo, o rostro e o vestido do/da actor/actriz, para a súa creación segundo os requirimentos do personaxe, aplicando e utilizando os principios de composición, forma, cor e volume aplicados ao deseño do personaxe.	
Competencias que se adquiren	
Transversais	T2, T3, T6, T14
Xerais	X1, X3, X5, X6
Específicas	EE1, EE2, EE3, EE6

Dramaturxia I	Escenografía
Descritor Principios xerais de dramaturxia. Análise das diversas formas de espectáculo (incluído o espectáculo audiovisual). Análise da estrutura dramática e das convencións que operan nunha obra ou espectáculo, a acción, o xénero, a caracterización, o ritmo, así como as implicacións de elementos da produción tales como o vestuario, a escenografía ou a iluminación. Principios de análise e creación de personaxes.	
Competencias que se adquiren	
Transversais	T1, T2, T3, T4, T7, T8, T13
Xerais	X3, X5, X7, X8
Específicas	EE5, EE6

Dramaturxia II	Escenografía
Descritor Análise do texto dramático e/ou da partitura dramática. Concepción da estrutura dramática e das convencións que operan nunha obra ou espectáculo, a acción, o xénero, a caracterización, o ritmo, así como as implicacións de elementos de produción tales como o vestuario, a escenografía ou a iluminación. Análise e documentación para a adaptación de textos non dramáticos de cara á súa escenificación.	
Competencias que se adquiren	
Transversais	T1, T2, T3, T4, T6, T7, T8, T13, T17
Xerais	X3, X5, X7, X8
Específicas	EE3, EE5, EE6

Escenificación	Escenografía
Descritor Principios xerais da escenificación. Análise da escenificación nas diversas formas espectaculares, incluído o espectáculo audiovisual. Análise da situación, do personaxe e da escena.	
Competencias que se adquiren	
Transversais	T3, T7, T9, T14
Xerais	X3, X4, X6, X8
Específicas	EE1, EE2, EE3



Espazo escénico I	Escenografía
Descritor Coñecemento e afondamento nos principios da teoría da percepción. Comprensión dos procesos perceptivos: forma e significado. Desenvolvemento da capacidade de observación e comparación dos elementos visuais. Principios de composición.	
Competencias que se adquiren	
Transversais	T2, T7, T8
Xerais	X1, X3, X5
Específicas	EE2, EE5

Espazo escénico II	Escenografía
Descritor Afondamento nos principios de composición. Coñecemento e utilización dos principios de estrutura, forma, cor, textura, espazo e volume.	
Competencias que se adquiren	
Transversais	T1, T2, T3, T7, T8
Xerais	X1, X3, X5, X6
Específicas	EE2, EE5

Espazo escénico III	Escenografía
Descritor Coñecemento e utilización dos principios de estrutura, forma, cor, textura, espazo e volume aplicados ao deseño do espazo escénico. Introducción á iluminación como elemento integrante do espazo escénico.	
Competencias que se adquiren	
Transversais	T1, T2, T3, T7, T8
Xerais	X1, X3, X5, X6, X8
Específicas	EE2, EE5, EE6

Espazo escénico IV	Escenografía
Descritor Coñecemento avanzado dos principios de estrutura, forma, cor, textura, espazo e volume aplicados ao deseño do espazo escénico. Integración da iluminación, do vestuario e do resto de elementos que compoñen o feito escénico dentro do espazo.	
Competencias que se adquiren	
Transversais	T1, T2, T3, T7, T8, T9, T11, T12, T13, T14, T15
Xerais	X1, X3, X5, X6, X8
Específicas	EE2, EE5, EE6



Estética teatral	Escenografía
Descritor Teoría xeral da arte. Cofecemento contextual e evolución histórica dos principais conceptos estéticos. Análise das relacións entre artes visuais, artes escénicas e ideas estéticas. Teatroloxía e estética teatral.	
Competencias que se adquiren	
Transversais	T2, T8, T9, T12, T17
Xerais	X3, X6, X8
Específicas	EE1, EE5, EE6

Historia da arte I	Escenografía
